

CARA UN SOLPOR DE GATOS

Rafael Fernández Lorenzo

Verónica Martínez Delgado e Antonio Fdez. Seoane son os coautores desta marabillosa obra titulada *Cara un solpor de gatos*, que ven de acadar a III edición do “Premio de Poesía Afonso Eanes do Cotón” organizado pola Asociación Cultural de Negreira. Verónica xa ten publicado, como poeta, *Desterrada do meu corpo* (2001) e *Deshabitada e sen verdugo* (2002). Pola contra Antonio comeza con esta obra unha aventura existencial, e bota a andar, marcando a voga dura e lenta dun horizonte sen determinar. Unha angustia procesional percorre as páxinas deste libro en silencio, con puras e inocentes palabras aboando sen cesar nas beirarrúas da vida, desfilando día a día hacia un punto final, e aquel “si quiero” inicial, ocúltase nun horizonte sen mar... *impávido / roto / morto e tan triste*.

Non debe ser nada doado para dúas persoas analizar a súa relación a través das páxinas dun libro, vertendo os sentimentos mais íntimos nunha órbita poética que terá como colofón esta peza que constantemente vai rememorar aquel tempo de *cando eramos gatos / gatos famentos e libres, / gatos de substancia espiritual...*

Estou absolutamente desorientado, onde está o marabillosa mundo que nunca nos deixaron fabricar. Os meus soños arelados teñen versos tan reais como os que escorregan penitentes por esta fértil e virxinal aventura. Poder mergullarme neles, supuxo para min identificarme con algo superior como por arte de maxia. Adentrarme nunha luz pineal escondida. Por angustiosa que sexa a vida dos poetas, polo menos posúen algo superior aos resto dos humanos, poden voar.

A casa, o neno perdido, e os gatos, son os tres eixos fundamentais arredor dos que Verónica e Antonio debullan o deterioro da súa relación amorosa. Dun xeito consecutivo e por medio de cuñas perfectamente intercaladas, van abrindo as portas máis íntimas, guiando os nosos pasos por *labirintos concéntricos*, que desembocan unha e outra vez nun *océano / de areas movedizas* onde eles diariamente naufragan silentes, cos corazóns cargados de tristura, camiñando... *espídos pola estrada / cara un solpor de gatos*.

Para finalizar direi que este fermoso volume espertou novamente en min unha sensibilidade que eu cría adormecida. Grazas Verónica polas fiestras compartidas.

*MARTÍNEZ DELGADO, Verónica. FDEZ. SEOANE, Antonio, **Cara un solpor de gatos**, TresCtres Editores, Colección VARILONGO/Poesía, Santa Comba(A Coruña), 2005, 96 páx.*